



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR NADELA - SARRIA. TREITO: A POBRA DE SAN XIAO - SARRIA CENTRO PQ 13+500 - 21+000

Termo municipal: SARRIA

Clave: LU/17/005.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 20 de xuño de 2023

Expediente: X1799

Término municipal de:	SARRIA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-005-01

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
19A	LOPEZ SINDIN ARTURO RAMON	SAN SALVADOR DE PENA Nº 1 - 27637 SARRIA (LUGO)

Lugo, 22 de maio de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 1578

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

.- RIBEIRA DE PIQUÍN.- REHABILITACIÓN DO FIRME DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-4606 "RIOXOAN (LU-750) - CHAO DE POUADOIRO - ASTURIAS (L.P)", P.K. 15+980 A 23+130 (TRAMOS)

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000041

.- BALEIRA-BECERREÁ-A FONSAGRADA-NAVIA DE SUARNA.- REPOSICIÓN SINALIZACIÓN HORIZONTAL LU-P-0708 “CEREIXAL (N-VI) – LOUXAS (LU-P-1901)”, P.K. 0+000 A 26+429

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000043

.- O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL CON REGOS CON GRAVILLA LU-P-5807 “LAMAQUEBRADA (LU-P-4102) – MONTECELO (LU-P-5806)” P.K. 0+000 A 6+415

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000044

.- O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL CON REGOS CON GRAVILLA LU-P-5808 “LU-P-3202 – VALIÑOCOBO – LU-P-4102”, P.K. 0+000 A 5+125

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000045

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 19 de maio de 2023 O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1594

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

En relación ao proceso excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo das prazas incluídas Oferta de Emprego Público Extraordinaria 2022, publícase Resolución da Alcaldía de data 18 de maio de 2023, do seguinte teor literal:

DECRETO.-

Visto que se teñen rematadas as cualificacións finais dos aspirantes e vistos os resultados e relación de candidatos propostos emitidos polos Tribunais Cualificadores designados nos procesos excepcionais para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo das prazas incluídas en tales procesos segundo a OEP 2022 e segundo consta nas actas expostas no taboleiro de anuncios desta Entidade na súa sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>) o día 23 de marzo de 2023.

Visto que con data 13 de abril de 2023, dictouse Resolución número 270 de adjudicación dos postos de traballo e solicitude de aportación da documentación requerida segundo as bases de selección aprobadas por Resolucións da Alcaldías nº 2022-0775 de data 11/11/2022, 2022-0777 de data 11/11/2022, 2022-0781 de data 13/11/2022, 2022-0779 de data 13/11/2022, 2022-0789 de data 15/11/2022 e 2022-0786 de data 14/11/2022.

Visto que con data 21 de abril de 2023 se publica no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a precedente Resolución.

Visto o establecido nos artigos 26 do Decreto 95/1991 de 10 de marzo, e o 33 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo, conforme ós que o órgano de competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Vista a documentación aportada por cada aspirante e no exercicio das competencias que me confire o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adjudica-los postos de traballo de **persoal laboral fixo**, a cada un dos aspirantes que se relaciona, por tempo indefinido.

Expedientenº	Posto de traballo	Aspirante proposto: nome	Aspirante proposto: DNI
1308/2022	CONDUCTOR	DON MANUEL SANTÍN AMIGO	33****41N
1308/2022	ENCARGADO MANTEMENTO EDAR	DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	76****16Q

1364/2022	LIMPIADORA	DONA MARÍA CARMEN CASTRO FONTAL	33****79Q
1366/2022	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	DONA MARÍA GUMERSINDA GONZÁLEZ LÓPEZ	76****05X
1366/2022	TRABALLADORA SOCIAL	DONA MARÍA CARMEN GARCÍA VILLAMIL	33****89L
1365/2022	CONDUCTOR OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	DON PABLO GONZÁLEZ CASAS	76****85J
1374/2022	OFICIAL	DON FRANCISCO OSCAR RODRIGUEZ CARRETE	76****75W
1368/2022	ARQUITECTO (A TEMPO PARCIAL)	DON MANUEL EDUARDO LOPEZ VÁZQUEZ	33****62C

SEGUNDO.- Proceder á formalización do correspondente contrato de traballo de persoal laboral fixo que terá lugar o vindeiro día 1 de xuño de 2023. Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

TERCEIRO.- Públiquesse a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Becerreá da sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>) e no BOP de Lugo.

CUARTO.- Notificar a presente resolución a cada aspirante, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

QUINTO. Comunicar esta resolución á Tesourería, aos efectos oportunos, en particular en relación ao cambio da CCC consecuencia da tramitación deste expediente.

SEXTO. Proporcionar a información estatística correspondente aos resultados do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

SÉTIMO. Informar á representación legal dos empregados aos efectos que procedan.

Ordénao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.

Becerreá, 18 de maio de 2023.- O ALCALDE, Manuel Martínez Núñez.

R. 1579

O CORGO

Anuncio

FORMALIZACIÓN CONTRATOS LABORAIS INDEFINIDOS

O alcalde, por Resolución de 5 de novembro de 2021, acordou aprobar a oferta de emprego público para 2021 ao abeiro do Real Decreto-Lei 14/2021, de 6 de xullo (BOP de Lugo de 22 de decembro de 2021 e corrección de erros no BOP de Lugo de 8 de xuño de 2022).

Dentro desta oferta atópanse, entre outras, varias prazas de carácter estrutural, e dotadas nos orzamentos, ocupadas temporalmente alomenos nos tres anos anteriores ao 1 de xaneiro de 2005. A correspondente oferta era para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do establecido na disposición adicional sexta da **Lei 20/2021, de 28 de decembre, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público** en relación coa disposición transitoria cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, conforme ao que establece o apartado B) da citada oferta de emprego público.

Rematados os procedimentos de selección, e de conformidade coas bases, o tribunal fixo públicas as relacións definitivas das puntuacións finais obtidas polos aspirantes, pola orde de puntuacións obtidas e propuxo a contratación como persoal laboral indefinido dos candidatos con maior puntuación, elevando as correspondentes relacións ao Sr. Alcalde. A relación de aprobados publicouse no BOP de Lugo nº 71, do 27 de marzo de 2023, no taboleiro de anuncios do concello e taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os candidatos propostos, de conformidade coas bases, achegaron a documentación esixida nas bases no prazo establecido.

A base duodécima das reguladoras de cada procedemento establece que unha vez presentada a documentación polos interesados, o Alcalde ditará resolución acordando a formalización do contrato laboral indefinido a favor

dos candidatos propostos e o contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

O Alcalde, polas resolucións das datas que se indican, acordou formalizar os contratos laborais indefinidos cos candidatos/as que se relacionan, e que ocuparán os postos que se indican:

- Por Resolución da alcaldía do 31 de marzo de 2023 acórdase formalizar contrato laboral indefinido con:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT	CANDIDATO/A CO QUE SE FORMALIZA CONTRATO INDEFINIDO	DNI
1	Informador xuvenil-encargado telecentro	Informador Xuvenil (Ocupadas temporalmente nos 3 anos anteriores ao 31/12/2016)	ROCÍO DÍAZ NÚÑEZ	**3320***

- Por resolución da Alcaldía do 3 de abril de 2023 acórdase formalizar contrato laboral indefinido con:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT	CANDIDATO/A CO QUE SE FORMALIZA CONTRATO INDEFINIDO	DNI
1	Traballador Social	Traballador Social (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)	MARIA ISABEL CASTEDO GONZÁLEZ	**3158***

- Por resolución da Alcaldía do 18 de maio de 2023 acórdase formalizar contrato laboral indefinido con:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT	CANDIDATO/A CO QUE SE FORMALIZA CONTRATO INDEFINIDO	DNI
1	Auxiliar de axuda no fogar	Auxiliar de axuda no fogar Posto nº 1 (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)	MERCEDES EIRAS LÓPEZ	**8563***
1	Auxiliar de axuda no fogar	Auxiliar de axuda no fogar Posto nº 2 (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)	REMEDIOS PÉREZ PÉREZ	**8397***
1	Axente de Emprego	Axente de Emprego (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)	Mª MARTA JACOB TRASHORRAS	**3392***
1	Encargado instalacións e edificios municipais	Encargado Instalacións e edificios municipais (Ocupada temporalmente 3 anos anteriores ao 31/12/2016)	FRANCISCO TALLÓN FERREIRO	**8301***
2	Tractoristas desbroce tratamentos preventivos	Oficial 2ª (Ocupadas temporalmente nos 3 anos anteriores ao 31/12/2016)	JOSÉ LUIS LÓPEZ DÍAZ	**3333***
			JOSÉ MANUEL TABOADA PUMARIÑO	**3407***

O que se fai público, en cumprimento das bases da convocataria, indicando que os contratos laborais indefinidos se formalizarán no prazo máximo de unmes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

O Corgo, 18 de maio de 2023.- O Alcalde, Felipe LabradaReija.

R. 1580

A FONSAGRADA

Anuncio

PROCEDEMENTO: APROBACIÓN DUN PADRÓN FISCAL

EXPEDIENTE NÚMERO: 254/2023

Asunto: aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de abril do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 18 de maio de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de abril de 2023, polo importe total de 12.619,51€ (dependencia) e 211,20 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 18 de maio de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1582

GUNTÍN

Anuncio

Con data 24 de maio de 2023 a Alcaldesa-Presidenta ditou a Resolución que literalmente se transcribe

“Visto o disposto no Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín publicado no B.O.P. de Lugo nº 226 de 01 de outubro de 2018.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aperturar o prazo de matrícula conforme ao disposto no Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín.

SEGUNDO: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Guntín e no taboleiro de anuncios.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno.

Guntín, 24 de maio de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1626

PARADELA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 04 de maio de 2023, aprobou as Bases da XXIX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago, co seguinte tenor literal:

“BASES XXIX EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ”.

PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA.- Categorías e requisitos das obras.**Narrativa:**

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, e sendo en Paradela un fito no Camiño Francés, a cen quilómetros do final do Camiño, convócase de novo no certame a modalidade relativa ao “Camiño de Santiago”.

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2023 e rematará o trinta de novembro de 2023.

Enviárase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa/Especial Camiño de Santiago)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta oi.x.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.
- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade “poesía”, “narrativa” ou “especial Camiño de Santiago”.

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE PARADELA, como Responsable do tratamento, con enderezo Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. 27611 PARADELA- LUGO, infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste certame, e por tanto, en base o seu consentimento, utilizarémolos coa finalidade de poder xestionar a súa inscrición e participación no “Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”. Conservaremos os seus datos ao menos mentres dure o Certame ou mentres dispoñamos do seu consentimento. Os seus datos non serán cedidos salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.

Pode contactar co responsable, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ao tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail concello.paradela@eidolocal.es. Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para información adicional pode consultar no noso Concello a través do correo concello.paradela@eidolocal.es.

CUARTA.- Premios.Modalidade narrativa:

1º Premio: mil euros (1.000,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade poesía:

1º Premio: mil euros (1.000,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade especial Camiño de Santiago

1º Premio: mil euros (1.000,00 €)

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €), en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo, de douscentos cincuenta euros (250,00 €) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2024 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio en calquera das categorías obxecto do certame; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Unha vez producido o fallo dos premios, accésits e mencións de honra, os autores que resulten galardoados non poderán solicitar que non se publique a obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXIX Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado. “

Paradela, 19 de maio de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 1583

PEDRAFRITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022**

Na sesión celebrada pola Comisión Especial de Contas o día 18 de maio de 2023, informouse a Conta Xeral do exercicio 2.022, que se somete a información pública por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edito, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pedrafita do Cebreiro, 19 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1584

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión extraordinaria celebrada en data 18 de maio de 2023, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº2/CE/2023, Modificación orzamentaria nº7/2023, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 19 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1585

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión extraordinaria celebrada en data 18 de maio de 2023, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº3/CE/2023, Modificación orzamentaria nº8/2023, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 19 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1586

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (UN PEÓN SUBSTITUTO) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2022****POSTO DE TRABALLO: UN PEÓN SUBSTITUTO**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax (982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 19 de maio de 2023.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1587

A PONTENOVA*Anuncio*

Vista a Resolución de Alcaldía número 2023-0205, de data 11/05/2023 e a publicación no BOP de Lugo núm. 110 do 15/05/2023, no cal se acorda a aprobación das bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura en réxime laboral temporal dunha praza de traballador/a social.-

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023/0212 de data 22/05/2023, acordouse a corrección do erros materiais do citado proceso, quedando os textos emendados do seguinte xeito:

“SEGUNDO.- RECTIFICAR o erro material existente no Decreto de data 11/05/2023 e Nº 2023-0205 mediante o cal se aproban a bases para a selección dunha praza de traballador/a social, persoal laboral temporal do Concello da Pontenova e detectado un erro na base cuarta (Forma e prazo de presentación de instancia), concretamente no medio a partir do cal comezan a contar os días de presentación de instancias, xa que logo aparece BOE e debe de ser B.O.P., quedando como segue:

- **Onde di:**

“As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e no seu caso específicas para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello segundo o modelo que consta no Anexo II, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.”

- **Debe dicir:**

“As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e no seu caso específicas para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello segundo o modelo que consta no Anexo II, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

TERCEIRO.- Incrementar o prazo de presentación de instancias en 5 días hábiles a partir da publicación do anuncio rectificativo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.-

CUARTO.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que se celebre.-“

A Pontenova, 22 de maio de 2023.- Alcalde – Presidente, Darío Campos Conde.

R. 1598

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE ABRIL 2023.

Por Resolución de alcaldía do 22 de maio de 2023, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 12 de xuño de 2023 ao 14 de agosto 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de xuño de 2023 ao 14 de agosto de 2023**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 23 de maio de dous mil vinte e tres.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1599

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de maio de 2023, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao primeiro semestre de 2023, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 14 de xuño ó 14 de xullo de 2023 nas oficinas municipais de 10 a 14 horas.

Transcurrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incursos na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 22 de maio de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1588

SOBER

Anuncio

O 23.03.2023 o Regulamento municipal de vivendas de alugueiro social do Concello de Sober foi aprobado por Acordo do Pleno da dita data.

O dito Regulamento someteuse a información pública polo prazo de trinta días laborais, dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do día 01.04.2023 para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que foran procedentes.

Durante o dito prazo non se presentaron alegacións nin reclamación ao dito acordo.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, enténdese aprobado de forma definitiva o Regulamento municipal de vivendas de alugueiro social do Concello de Sober, e se procede a súa publicación.

ANEXO

REGULAMENTO MUNICIPAL DE VIVENDAS DE ALUGUEIRO SOCIAL DO CONCELLO DE SOBER

Exposición de motivos

A vivenda constitúe un dereito fundamental, pero tamén unha necesidade básica de primeira orde.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, establece que os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cuantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Igualmente especifica que estes exercerán en todo caso como competencias propias a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O artigo 25.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que os municipios exercerán competencias na atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, competencia obrigatoria de acordo co artigo 26.1 c) da devandita lei.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no seu art. 48 recoñece aos Concellos a competencia para elaborar a súa propia planificación que, no marco da planificación estratéxica, a través dos plans e programas de servizos sociais municipais.

O presente Regulamento pretende ser a ferramenta que, definidas as necesidades reais e obxectivas, ordene de maneira progresiva a ocupación do censo de vivendas municipais que vaian deixando libres os inquilinos, aquelas que mediante acordo coas entidades financeiras pasen a formar parte da bolsa de vivendas de alugueiro, as que por doazón, compra ou outros pasen a ser de titularidade municipal, e as que mediante cesión de uso de particulares pódanse incorporar á mesma en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Neste Regulamento teranse en conta novos criterios de localización das familias como o axuste á idoneidade, co que se pretende optimizar as variables de inclusión (facilitando a convivencia), buscando a mellor adecuación da familia á contorna; á súa vez teranse en conta as características das edificacións (metros cadrados existencia ou non de barreiras, localización, servizos da contorna, etc.), ou a tipoloxía das familias (tamaño, composición, grao de inclusión/exclusión, habilidades para a convivencia, necesidade de vivenda, posibilidades de mantemento dos gastos que ocasione, etc.).

As características das edificacións poden ser medidas con parámetros obxectivos, pero chegar a considerar a idoneidade dunha familia para a vivenda dispoñible require á súa vez unha avaliación social, variables que se tratan de objetivar a través do baremo anexo ao presente regulamento. Por tanto, exponse unha normativa co fin de profundar nos criterios de selección e adxudicación dos cidadáns que pretenden acceder a unha vivenda de titularidade municipal ou a unha vivenda cuxo propietario cedese o uso da mesma ao Concello, en réxime de alugueiro.

TÍTULO I

Da bolsa de vivendas de alugueiro con destino ao alugueiro social

Artigo 1.º Bolsa de alugueiro de vivendas de alugueiro.

1. Constitúese a bolsa de alugueiro de vivendas, como programa de referencia en material de alugueiro de vivenda social do Concello de Sober, con arranxo ás normas de organización e funcionamento establecidas no presente Regulamento.

2. A estancia nunha vivenda incluída en bolsa de vivendas de alugueiro social será a establecida na Lei de Arrendamentos Urbanos, todo iso sen prexuízo da revisión da renda abonada polo beneficiario e a condición de que se manteñan as condicións que deron lugar á súa concesión.

Artigo 2.º Obxecto.

O presente Regulamento ten por obxecto recoñecer aos demandantes dunha vivenda social a garantía de obxectividade, imparcialidade e adecuación entre a oferta da vivenda da bolsa de vivendas de alugueiro existente en cada momento, coas características de ocupación e dispoñibilidade social do usuario que determinan o seu perfil de solicitude.

Considérase a efectos de aplicación do presente Regulamento, como obxecto de adxudicación en réxime de arrendamento, a todas aquelas edificacións habitables que, aptas para satisfacer as necesidades de vivenda estable e permanente dos usuarios demandantes de vivenda de alugueiro social, solicíteno conforme ao establecido no presente Regulamento.

O Concello de Sober atenderá á lista de solicitantes optimizando a bolsa de vivendas de alugueiro social, á vez que conciliando valores comunmente aceptados entre a cidadanía como a convivencia, a tolerancia ou a superación de carencias como a soidade ou a axuda mutua por medio da solidariedade ou outros valores cívicos, podendo implantar programas específicos de pisos compartidos ou outros.

O presente Regulamento regula o procedemento de selección de adxudicatarios para a ocupación das vivendas que conformen a bolsa de vivendas de alugueiro social.

Igualmente é obxecto deste Regulamento establecer a forma en que se debe producir a cesión de uso por parte de propietarios de vivendas que soliciten participar na bolsa de vivendas de alugueiro social, contraprestación económica e demais condicións nas que se deberá producir dita cesión.

Artigo 3.º Natureza e formación da bolsa de vivendas de alugueiro social.

1. A bolsa de vivendas de alugueiro ten natureza rotatoria, de tal forma que acolla en todo momento ás unidades familiares que se atopen na situación descrita no artigo segundo do presente Regulamento. Desaparecida ou superada dita situación de emerxencia, deberán incorporarse a outros programas de vivenda ou de alugueiro de mercado.

2. A integración de vivendas á bolsa de vivendas de alugueiro social poderase realizar en calquera momento, bastando a comunicación ao Concello por parte da entidade, empresa e/ou persoa física interesada na achega e a formalización do oportuno convenio ou acordo de cesión coa mesma.

3. A bolsa de vivendas de alugueiro social estará adscrita a unha Comisión de coordinación e seguimento municipal integrada por:

- O/a Secretario/a da Entidade
- Traballadores/as Sociais do Departamento de Servizos Sociais
- Técnicos de Urbanismo.

Esta comisión poderá solicitar a colaboración de todos os servizos municipais que sexan necesarios, para o bo funcionamento da mesma.

Artigo 4.º Vixencia, competencia e consignación orzamentaria.

1. A bolsa de vivendas de alugueiro social constitúese con carácter indefinido, condicionando a súa vixencia á permanencia dos obxectivos que trata de satisfacer, ao que determinen as competencias municipais, sempre condicionada á existencia de consignación orzamentaria, que deberá consignarse nos orzamentos para que o programa sexa efectivo.

2. As vivendas incorporadas á bolsa de vivendas de alugueiro social quedarán vinculadas e manteranse na devandita bolsa ata a finalización do seu obxectivo, salvo que se decida a súa desvinculación anticipada polas seguintes causas:

- a) Por non ser necesario o seu mantemento na bolsa de vivendas de alugueiro social, para o que deberá presentarse e acreditarse mediante informe da Comisión de Coordinación e Seguimento municipal.
- b) Pola finalización do convenio suscrito, no seu caso, con outras Administracións ou con entidades financeiras adheridas ou con calquera outra entidade, empresa ou persoa física.

TÍTULO II

Dos bens inmobles adscritos á bolsa de vivenda

Artigo 5.º Bens adscritos.

1. A bolsa de vivendas de alugueiro social, para os efectos do cumprimento dos seus obxectivos, constituirase:

- a) Coas vivendas que rehabilite, adquira ou promova o Concello de Sober que sexan da súa propiedade.

SEGUNDO. Dar al expediente la tramitación y publicidad preceptiva, mediante exposición del mismo en el tablón de anuncios de este Ayuntamiento y en el Boletín Oficial de la Provincia, por plazo de treinta días hábiles, dentro de los cuales los interesados podrán examinarlo y plantear las reclamaciones que estimen oportunas.

Asimismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento <https://concellodesober.sedelectronica.gal>

TERCERO. Considerar, en el supuesto de que no se presentasen reclamaciones al expediente, en el plazo anteriormente indicado, que el Acuerdo es definitivo, en base al artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Dar traslado del presente acuerdo a “Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

QUINTO. Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para suscribir los documentos relacionados con este asunto.”

Sober, 19 de maio de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1590

O VICEDO

Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente nº 4/23 de modificación do presuposto municipal de gastos para 2023, consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de abril de 2023, ascendendo o seu importe á cantidade de **TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (344.994,74 euros)**, de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	1.048.533,36
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	755.317,71
Capítulo III, Gastos financeiros:	9.311,48
Capítulo IV, Transferencias correntes:	80.720,00
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	----
Capítulo VI, Inversións reais:	2.564.549,78
Capítulo VII, Transferencias de capital:	18.174,68

Capítulo VIII, Activos financeiros: ----

Capítulo IX, Pasivos financeiros: ----

SUMA TOTAL4.476.607,01

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 4/23 de modificación de presuposto municipal de gastos para 2023, poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 22 de maio de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1591

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) LUGO

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO “LUGO SOSTIBLE 5.0”

BDNS (Identif.): 697438

De acordocodispuesto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/697438>)

“BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO “LUGO SOSTIBLE 5.0”

Artigo 1

Finalidade e duración dos incentivos á contratación por contaallea

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empleabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro de Emprego “Lugo Sostible 5.0”, número de expediente: 27/ 11/ 2022 cofinanciados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencions a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.
2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.
4. A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego LUGO SOSTIBLE 5.0, sendo a data de finalización deste o 29/09/2023.

Artigo 2

Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no Obradoiro de Emprego, para en concreto cos certificados de Profesionalidade de “Desenvolvemento de Productos Multimedia Interactivos (IMSV0209)”, “Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210)” e “Xestión de Marketing e Comunicación (COMM0112)”, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Lugo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas á sAdministracións Públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso salvo que nel adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago alguna outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou a Lei Xeral Tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de Infraccións e Sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitante de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3

Contía dos incentivos

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 14 en total.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4

Contía total e crédito orzamentario

A contía total consignada destinada a estes incentivos para o exercicio orzamentario de 2023, ascende á cantidade de 21.000 euros, que se imputarán con cargo á partida presupostaria 24102.48100 do vixente ornamento municipal.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5

Exclusións

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa una persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6

Prazos e solicitudes

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.
2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Lugo, no enlace <https://www.lugo.gal/portal/>.
3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Lugo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.
4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia cotexada ou comparada:
 - a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
 - b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no anexo.
 - c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, incluída no anexo.
 - d) Certificados de non ter débedas coa Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social. O Concello de Lugo comprobará de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co mesmo.
 - e) Certificación bancaria do número de conta.
5. Asimesmo publicaranse as presentes Bases na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal), debendo inxerirse igualmente no Taboleiro de Anuncios municipal (www.lugo.gal).

Artigo 7

Xustificación e pago

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.

O prazo do que dispoñen as entidades beneficiarias para xustificar o cumprimento dos requisitos que dan dereito ó cobro da subvención, é nos 15 días seguintes á finalización do período mínimo dos tres meses de contratación. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade de este. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación para presentar é a seguinte:

a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas Administracións Públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.

b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.

c) Aos efectos de comprobar que o contrato do traballador obxecto de subvención estivo dado de alta na Seguridade Social durante o período mínimo de tres meses, a entidade deberá aportar a RNT do citado traballador (TC2).

d) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/ as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos 3 meses, a xornada completa.

e) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o concello pondera requirir á empresa/entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como tamén fronte ao Concello de Lugo, ou teña pendente de pago alguna outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8

Obrigacións das entidades beneficiarias

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro de Emprego, e decir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de “Desenvolvemento de Productos Multimedia Interactivos (IMSV0209)”, “Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210)” e “Xestión de Marketing e Comunicación (COMM0112)”.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Lugo no prazo de sete días hábiles desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extingase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do taller dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9

Competencia

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Desenvolvemento Local, mentres que corresponderá a competencia para a súa resolución á Tenente de Alcaldesa e Concelleira de Cohesión e Dinamización Social.

Artigo 10

Procedemento de concesión, instrución e tramitación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, unicamente se atenderá á súa ordenación por rexistro cronolóxico de entrada no Concello de Lugo.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11

Resolución e recursos

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderáse desestimada a solicitude, de acordó co establecido no artigo 23.5 da Lei de Subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para a súa aceptación; transcorrido éste sen que se produza manifestación expresa, entenderáse tácitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordó co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 12

Incompatibilidades e concorrencia

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as Administracións Públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 13

Perda do dereito á cobranza da subvención e reintegro

1. Procederá a perda do dereito á cobranza da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderánse sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na orde social.
3. Entenderáse que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14

Devolución voluntaria da subvención

1. De acordoco establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu

ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e a denominación da subvención concedida.”

LUGO, 23 de maio de 2023.- ALCALDESA - PRESIDENTA CONCELLO DE LUGO, LARA MENDEZ LOPEZ.

R. 1600

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES Y CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA LA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO Y MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2023/2024

BDNS (Identif.): 695290

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/695290>)

1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto regular a concesión de ayudas para la adquisición de libros de texto y material escolar complementario destinadas al alumnado empadronado en el Ayuntamiento de Monforte y escolarizado para el curso 2023/2024 en educación infantil (3-6 años), educación primaria, educación secundaria obligatoria o educación especial en alguno de los centros docentes públicos o concertados existentes en el municipio. Las ayudas tienen como finalidad apoyar a las familias con menor renta per cápita del municipio que presenta dificultades económicas para afrontar el gasto que supone el objeto de la ayuda.

2. BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a de esta ayuda es preciso cumplir los siguientes requisitos en la fecha de finalización del plazo de presentación de las solicitudes:

1. Ser padre, madre, tutor/a o persona encargada de la guardia y custodia del alumno/a que en el año escolar de la convocatoria correspondiente vayan a cursar estudios en las etapas educativas de enseñanza indicadas en esta convocatoria, en cualquiera centro docente, público o concertado, del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

2. Que la renta per cápita de la unidad familiar no supere el 60% IPREM para el año 2023 (360€/mes) en cómputo anual (4.320 € año por persona). Para determinar la renta per cápita se tomará la renta de la unidad familiar y se dividirá por el número de miembros de la dicha unidad

No se computarán los ingresos siguientes:

- Prestación familiar por hijo menor a cargo de la Seguridad social con discapacidad superior al 33%
- Complemento de axuda á infancia do ingreso mínimo vital.
- Prestaciones económicas en aplicación de la ley de dependencia
- La ayuda económica para víctimas de violencia de género regulada en el RD 1452/2005, de 2 de diciembre

3. Que la persona solicitante así como los y las menores beneficiarios de la misma, se encuentren empadronados y residan efectivamente en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos en el momento de presentación de la solicitud.

4. Que la persona solicitante esté al día en el pagado de los deberes tributarios municipales o en el caso de tener deudas que exista compromiso de pago.

5. No estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario, recogidas en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio de subvenciones de Galicia y en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Excepcionalmente, se podrá eximir del requisito recogido en el punto 2 previo informe de la trabajadora social de referencia de los servicios sociales municipales que tendrá carácter preceptivo pero no vinculante siempre que queden acreditadas las circunstancias de dicha excepcionalidad.

3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de AXUDAS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes

de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 25.000,00 €.

5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 20 días hábiles.

Monforte de Lemos, 15 de maio de 2023.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1595

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

EXP A/27/23374

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/23374	José Antonio Fernández González	Aprovechamiento de agua de un manantial, en la parcela 2519 del polígono 90 en Oselle, en el T.M. de Becerreá, (Lugo), con destino a riego.	09/03/2023

EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 1592

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/37215

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 15/05/2023 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de A Pastoriza, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,03 l/s de agua procedente del manantial de "Cabadiño" y "Fonte Freixo" en el lugar de Pidre, parroquia de San Martiño de Corvelle (San Martiño), término municipal de A Pastoriza (Lugo) con destino a extinción de incendios y usos ganaderos (limpieza instalaciones).

Lugo, 22 de mayo de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 1593